

INSTRUCCIÓN PARA A INSCRIPCIÓN NA PROBA DE ACCESO A 1º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

CURSO 2019-2020 – CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE OURENSE

A inscrición para a realización da proba de acceso ó 1º curso de Grao Elemental realizarase **entre o luns día 20 e o venres día 24 de maio**, ámbolos dous incluídos. Fóra dese prazo non se aceptará ningunha solicitude. Ese mesmo venres, pola tarde, publicarase a listaxe de admitidos/as para a realización das probas.

Os/As aspirantes deberán marcar **a súa preferencia de especialidade instrumental**, independentemente de que na previsión de prazas inicial non aparezan vacantes para aquela que desexa, xa que posteriormente poderían xurdir. As vacantes existentes para cada especialidade serán adxudicadas tendo en conta a nota acadada no procedemento de acceso e a preferencia especificada polo/a aspirante.

A PROBA DE ACCESO REALIZARASE O XOVES 20 DE XUÑO DE 2019. As aulas e horas de realización estarán publicadas dende o día **xoves 6 de xuño** no taboleiro do centro e máis na páxina web. Para as probas **é IMPRESCINDIBLE** acudir con algún tipo de **documento identificativo** (DNI, pasaporte, ou fotocopia do Libro de familia).

O día 24 de xuño **publicaranse** nos taboleiros e máis na web do centro **as cualificacións obtidas**, ordenadas segundo a puntuación acadada ó remate do procedemento de acceso, **xunto coa especialidade adxudicada**.

Aqueles/as aspirantes que, aínda tendo superada a proba, non acadaran praza na especialidade desexada deberán asistir, acompañados/as dos seus pais/nais ou titores legais, a unha **reunión prevista no Auditorio do Conservatorio o día 25 de xuño ás 17:00 horas**, na que se ofertarán as prazas que queden vacantes no resto de especialidades. Estas prazas tamén serán adxudicadas en función da nota acadada no procedemento.

A partir da mañá do **luns 24 e ata o venres 28** todo o alumnado que acadara praza deberá **formalizar a súa matrícula** no centro. **De non facelo nese prazo perderá o dereito á praza obtida nas probas.**



ESTRUTURA E PUNTUACIÓN DA PROBA

A proba consistirá en:

- a. Exercicios para avaliar a aptitude rítmica
- b. Exercicios para avaliar a aptitude auditiva e vocal
- c. Exercicios para avaliar a aptitude psicomotriz

1.- Segundo a lexislación vixente, é requisito imprescindible superar a proba práctica cunha cualificación mínima de 5 puntos.

2.- Para aqueles que obtiveran a cualificación mínima de 5 na proba ponderarase dita cualificación en función da idade do/a aspirante e atendendo ao seguinte criterio:

- a) por 1 aspirantes de 8 anos
- b) por 0,95 aspirantes con 9 anos
- c) por 0,90 aspirantes con 10 anos
- d) por 0,85 aspirantes con 11 anos
- e) por 0,80 aspirantes con 12 anos
- f) por 0,75 con 13 anos
- g) por 0,70 con 14 anos

3.- O centro elaborará e publicará a lista coas cualificacións definitivas atendendo ós dous parámetros anteriores e por orde de puntuación.